



FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO · FESTA DE INTERESE TURÍSTICO ESTATAL

# San Froilán

## LUGO 2025

4-12 OUTUBRO



[www.sanfroilan.info](http://www.sanfroilan.info)



Concello de Lugo



Por Lugo:

# VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



#activandolugo

# San Froilán

## 2025

LUGO

4-12 OUTUBRO

## SUMARIO

|                                                  |    |
|--------------------------------------------------|----|
| Plano das Festas .....                           | 4  |
| Saúdo Alcalde .....                              | 5  |
| Saúdo Concelleira .....                          | 7  |
| Preparándose para Sanfroilanear .....            | 8  |
| Sábado 4 .....                                   | 9  |
| Domingo 5 / San Froilán.....                     | 12 |
| Luns 6.....                                      | 17 |
| Martes 7.....                                    | 19 |
| Mércores 8 .....                                 | 20 |
| Xoves 9.....                                     | 21 |
| Venres 10 .....                                  | 24 |
| Sábado 11 .....                                  | 26 |
| Domingo 12 .....                                 | 30 |
| San Froilán Miúdo .....                          | 34 |
| Outras actividades .....                         | 39 |
| Actividades Deportivas.....                      | 41 |
| Comisión de Festas.....                          | 42 |
| Horario dos Museos + Teléfonos de Interese ..... | 43 |

EDITA



PRODUCCIÓN E IMPRESIÓN



Tel: 902 271 902  
Editorial MIC [www.editorialmic.com](http://www.editorialmic.com)





## PLANO DAS FESTAS

- T** Oficina Municipal de Turismo (Praza do Campo, 11)
- E** Escenario Praza Santa María
- E** Escenario Praza Horta do Seminario
- E** Escenario Praza da Mosqueira
- I** Punto de Información Turística (Praza Maior)
- V** Punto Violeta (Praza Fernando Casas Novoa)
- C** Patio Edificio Administrativo do Concello (Carpa San Froilán Miúdo)

# MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ

## Alcalde de Lugo

Un ano máis, Lugo dispónse a vivir o San Froilán, as auténticas festas do pobo, os festexos que durante días toman as rúas e as prazas lucenses para festexar por todo o alto ao noso patrón. Para min son tamén as máis especiais, porque con elas volven as miñas lembranzas de neno e de mozo e porque, por riba de todo, implican reencontrarse coa familia e cos amigos.

Este ano terán un significado aínda máis especial, xa que como alcalde sintome dobremente orgulloso de que esta cidade conserve unhas celebracións tan significativas, con toda a súa esencia e autenticidade. Pero, como non podería ser doutro xeito, as patronais lucenses van evolucionando, incorporando novas e atractivas actividades, para ser as festas máis populares, con propostas para todos os gustos e idades.

Debo dicir que teño ganas de ver cómo se viven estas festas coa nova conformación dunha cidade máis aberta, peonil, deseñada para que en eventos como este Lugo se converta nun gran escenario no que despregar toda a súa maxia. Traballamos para facer desta cidade unha urbe cómoda, accesible e aberta, unhas características que tamén definen ás propias festas de San Froilán, por tratarse dunhas celebracións que acollen, que dan a benvinda a visitantes e ás e aos lucenses que por uns días retornan as súas casas.

Porque, por riba de todo, estas festas son quizais as máis abertas a todas aquelas persoas que queiran vivir e gozar duns festexos galegos xenuínos. Unhas celebracións nas que o polbo, o feiral, as barracas, o folclore, a música dos concertos, verbenas e charangas, o San Froilanciño, os churros e os paseos polas costas do Parque son parte esencial e indiscutible das patronais.

O meu desexo para este ano é que lucenses e visitantes poidan gozar destas festas. Que aqueles que chegan por primeira vez



a Lugo se leven a mellor das impresións da nosa cidade e que os que retornan un ano máis queden con gañas de volver. E para iso, ademais dunhas festas do nivel do San Froilán, é necesario outro dos compoñentes máis importantes destas patronais: as propias xentes de Lugo. Así que convidó a todas e todos os lucenses a vivir e a gozar en harmonía destes festexos; a desfrutar ao máximo posible dos nosos días grandes para que o San Froilán siga a ser a auténtica festa do pobo.

A orixe destes festexos remóntase a máis de 270 anos, unhas celebracións centenarias que en ningún momento perderon a súa auténtica esencia, a identidade e a tradición, e que sen embargo, souberon reinventarse edición tras edición.


Convidovos a todas e todos a vivir outra edición do San Froilán, coa que renovar a ilusión e a emoción por pertencer a Lugo e por formar parte dunhas festas que son desde hai séculos parte do noso patrimonio cultural, algo que sen dúbida, contribuíu a que foran declaradas en 2006 Festas de Interese Turístico Nacional.

Invítovos a todas e todos a facer deste San Froilán as mellores patronais do outono galego e a encher a cidade de ilusión e ambiente festivo, e con todo iso, renovar unhas celebracións nas que tamén exaltamos o orgullo de ser de Lugo e a nosa identidade colectiva como pobo e como galegos.

Felices festas de San Froilán a todas e todos!



# PATROCINADORES OFICIAIS SAN FROILÁN 2025



# TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN

Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Chegou o outono un ano máis e con el o San Froilán. Non hai mellor maneira de comezar un ano, xa que mentres no resto do mundo agardan a xaneiro para encetar un novo ano, en Lugo sempre o fixemos en outubro. Co San Froilán empeza para nós unha nova andaina vital e faino da mellor maneira posible, con baile, música, xuntanzas, encontros e troula. Mentres caen as follas resoa a música nas nosas cabezas e as emocións volven a encher os nosos corpos. Grazas ao San Froilán o comezo de curso en Lugo é moito máis leveiro, é un inicio envolto en arte, en xuntanzas e xantares, en gargalladas e aloumiños. Se cadra, unha vez máis, poderemos aproveitar para nos fornecer de experiencias e vivencias irrepetibles cos nosos seres queridos. Se podemos facelo, fagámolo, o tempo fuxe mais os recordos perduran e cando precisemos novos azos en momentos malos, pode que consigamos sacar un sorriso grazas a eles.

Din que cada un fala da feira segundo lle foi nela, entón, nos aproveitemos ben o tempo nas nosas festas, non deixemos pasar a oportunidade de facheirar delas. De todas é sabido que as nosas festas son especiais, perfectas, únicas, que para iso son as nosas. Se as vives de verdade, se as gozas, se as compartes, como non van ser as mellores? Pero isto é subxectivo, seiño, son plenamente consciente, pero tamén o son de que non hai outra festa de outono que poda competir coa nosa. Ningunha outra é quen de encher o noso fol de azos para un novo traxecto vital, ningunha nos pode preparar para o longo inverno coma o San Froilán. Xa pode vir o frío. Xa pode marchar o sol. Temos as nosas mentes e corpos preparados, as endorfinas enchendo o depósito, unha



fervenza hormonal axudando a loitar contra o desánimo, manténdonos no camiño da felicidade. Ese depósito cargámolo no recinto feiral, nas casetas, concertos e actuacións e o máis importante, fixémoslo xuntas. Nunha sorte de rebumbio emocional compartido que deixou novos recordos e sensacións gravadas en nós para sempre. Sanfroilaneando pode ser placebo ou cura, pero sempre vai sentar ben e vainos axudar a levar mellor o que veña.

E se Sanfroilaneando nos fai tanto ben, o mellor que podemos facer e recéitalo a familiares, amigos, amigas e descoñecidas, a toda aquela persoa disposta a escoitar. Que veñan, que nos vexan na nosa "salsa", no noso mellor momento. Xa logo, estou convencida de que se convertiran nas nosas mellores prescriptoras, serán o noso altafalante cara ao mundo. Nesta cidade, somos tolerantes, abertas, positivas, é o momento de demostralo, Sanfroilaneando.

Gozemos das festas, da nosa xente e da cidade, agora que está máis fermosa ca nunca, engalanada e disposta para a festa. Sanfroilaneando durante nove días que parecerán centos, e facendo de Lugo o centro do mundo unha vez máis.

Non hai mellor sensación que sanfroilaneando, non hai mellor maneira de pasar o tempo que Sanfroilaneando. Boas Festas!

Tareixa Antía Ferreiro Tallón. Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.





PREPARÁNDOSE  
PARA  
**SANFROILANEAR**



Verbenas



Música tradicional



Concertos



Animación rúa / Charangas



Bandas música



Espectáculos de rúa para público familiar



Feiras



Obradoiros



Outros



# LUGO SAN FROILÁN 2025

## SÁBADO 4.

**10.00 H. XXXII Feira do Mel.** Praza da Soidade. Cata de mel ás 12h. Obradoiro de globoflexia das 17h ás 20h.

**10.00 H. III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT)** na praza Santo Domingo (fronte á Praza de Abastos). Inauguración o día 3 ás 12h. Horario; das 10 ás 21h.

**11.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos da man de Corazóns Artesáns, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 11.00h ás 13.30h).

**11.00 H. EXPOLUGO. Exposición de razas autóctonas da Galiza;** Das 10:00 ás 20:00 h na carpa xunto ao Vello Cárcere. **Bovino:** Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Charolesa e Rubia Galega. **Ovino:** Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel negra. **Caprino:** Cabra Galega e Boer. **Porcino:** Porco Celta. **Aves:** Galiña de Mos e Galiña Piñeira. **Equino:** Pura Raza Galega. **Cans:** Can de Palleiro e **Maquinaria Clásica.**

**11.00 H. Feira de antigüidades e coleccionismo** na rúa da Raíña. Todo o día.

**12.00 H. Pregón** a cargo de **Mª Cristina Lombao Ramos** no balcón da Casa do Concello.

**12.30 H. Os Pelúdez entre nós + Xigantes e Cabezudos + Cántigas e Frores** no pregón, praza Maior, Campo Castelo, rúa San Pedro, Progreso e Raíña.

**13.00 H. Verbena** coa orquestra **NEVERLOURA** na Mosqueira.





**17.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos da man de Corazóns Artesáns, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 17.00h ás 20.00h).

**17.00 H. SOUNDSYSTEM NO CAMIÑO** con obradoiros, exposicións e as actuacións de **WANDEM SOUNDSYSTEM + PINTEGA SISTEMA DE SON + DUB MONO HIFI + DUB IN SOUL**, no Pazo De Feiras até ás 05.00h.

**18.30 H.** Actuación de **CLAUSTRO MÚSICA** no templete da praza Maior.

**18.00 H. XX SANFROIDANCE** coas actuacións de **OZETAK + FONKI CHEFF + KR-ON + VILOUTA + PAYBALL + FER MESA + BEATMAC + LE33**, na praza da Mosqueira das 18h ás 02.00h.

**20.00 H.** Pasarrúas de **A Volta do Agro** pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.

**21.00 H.** Concerto de **LUCÍA PÉREZ** na praza Santa María.





**21.30 H.** Pasarrúas coa charanga  
**MEKANIKI ROLLING BAND** por  
Recatelo, praza Maior e Campo  
Castelo.

**22.00 H.** Concerto de  
**TANXUGUEIRAS** na praza Horta  
do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros:  
**Diego Flâneur & Ünder.**





**23.30 H.** Concerto de **DAKÍDARRIA**  
na praza Santa María.



**01.00 H.** **FESTICULTORES TROUPE**  
na praza Santa María.



## **DOMINGO 5.** **(SAN FROILÁN)**

**10.00 H.** **XXXII Feira do Mel.** Praza  
da Soidade. Obradoiro de velas das  
12h ás 14h.

**10.00 H.** **III Feira de Olería Lugo**  
**Tradicional (FOLT)** na praza  
Santo Domingo (fronte á Praza de  
Abastos). Horario; das 10 ás 19h.





**11.00 H. EXPOLUGO. *Exposición de razas autóctonas da Galiza***; Das

10:00 ás 14:30 h na carpa xunto ao Vello Cárcere. **Bovino:** Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Charolesa e Rubia Galega. **Ovino:** Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel negra.

**Caprino:** Cabra Galega e Boer.

**Porcino:** Porco Celta. **Aves:** Galiña de Mos e Galiña Piñeira. **Equino:** Pura Raza Galega. **Cans:** Can de Palleiro e **Maquinaria Clásica.**

**11.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos da man de Corazóns Artesáns, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 11.00h ás 13.30h).

**11.00 H. Feira de antigüidades e coleccionismo** na rúa da Raíña. Todo o día.



**12.00 H.** Ofrenda da Corporación municipal a San Froilán, na Catedral de Lugo.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Os Picurruchos** pola rúa Quiroga Ballesteros, praza de Santo Domingo e praza da Soidade.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Caivanca** pola rúa Nova, Tinería e praza da Soidade.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Cántigas e Frores** pola rúa Camiño Real e praza da Milagrosa.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Foliada de Bosende** por Recatelo e Recinto Feiral.

**13.00 H.** Verbena coa orquestra **SUAVECITO**, sesión vermut, tarde e DJ Casanova ata ás 0.00h, na praza de Augas Férreas.

**13.00 H.** Concerto da **BANDA FILHARMÓNICA DE LUGO + BANDA DE MÚSICA DE VILALBA** na praza de Santa María.



**13.00 H.** Concerto de **MOCHO GRIS** na praza da Mosqueira.

**12.30 H.** Espectáculo itinerante **"PILOTS" de La Finestra.**

Espectáculo teatral itinerante para público familiar. Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.

**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro.



**13.30 H.** **XIII Desfile de Gando tradicional do San Froilán.**

Percorrido: tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Coa actuación de **Reviravolta e Os Pelúdez entre nós.**



**17.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos da man de Corazóns Artesáns, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 17.00h ás 20.00h).

**17.30 H. Espectáculo itinerante "PILOTS" de La Finestra.** Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**17.30 H. Os Pelúdez no Cemiterio San Froilán.** Visita guiada polo cemiterio da man de Os Pelúdez

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.00 H. IX Concurso MISS DEUSA** co Colectivo ALAS na praza da Mosqueira.

**19.00 H. Verbena galega d'antes.** Espectáculo participativo. Ás 19h, chegada das merendas, gaiteiros e figurantes, ás 19.30h comezo da verbena coa actuación de **Airiños da Freba e bailador@s de Oxeito**, ata ás 21h na praza Maior (Quiosco da música).

**20.00 H. Pasarrúas de Airiños de Orbazai** pola rúa Rafael de Vega, Montero Ríos, Paxariños e Ramón Montenegro.

**20.00 H. Pasarrúas de Bloco Meigallo** pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.

**20.00 H. Pasarrúas de Falso Teito** pola Fonte do Rei, rúa san Roque e praza Mártires de Carral.





**20.00 H. VI ELECTRONIC LUCUS FEST** coas actuacións de DJ FRISCO & MARCOS PEÓN, JACOBO GÓMEZ, JUAN CHOUSA E JOSE FOUCE das 20.00 h ás 02.00 h na praza da Mosqueira.



**21.00 H.** Concerto de **CRISTINA BRANCO** na praza Santa María.



**22.00 H.** Concerto de **XOEL LÓPEZ** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Funámbula e os ceos quebradizos**.





**23.00 H.** Verbena coa orquestra **STEREO** na praza Maior.

**23.30 H.** Concerto de **BIZNAGA** na praza Santa María.

**01.00 H.** **FESTICULTORES TROUPE** na praza Santa María.

## L U N S 6 .

**11.00 H.** **Xigantes e Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior coa actuación musical de **Tambukda**.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Tambukda** por Recatelo.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Son de Lugh** por prazas San Marcos, Ferrol, rúa Montevideo, Bolaño Ribadeneira e Nova.

**12.00 H.** Pasarrúas de **O Son do Pucheiro** pola Ronda das Fontiñas.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Biouteiro Astelu** polo Barrio da Ponte.

**12.30 H.** Espectáculo itinerante **"CIRCO KRASNOBARAK"** de Troula.

Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H.** Concerto de **PANOSEDÁN** na praza Santa María.

**13.00 H.** Concerto de **XEOSMINA** na praza da Mosqueira.

**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas.

**17.30 H.** Espectáculo itinerante **"CIRCO KRASNOBARAK"** de Troula. Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.





**19.00 H.** Pasarrúas de **Estoupacaldeiros** por Augas Férreas.

**20.00 H.** Pasarrúas de **A volta do Agro** polos Barrios de Albeiros e as Gándaras.



**20.00 H.** Concerto de **BANDA FILHARMÓNICA + CÁNTIGAS E FRORES** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Biouteiro Astelu** polo Sagrado Corazón.

**21.00 H.** Concerto de **PATAX** na praza Santa María. Teloneiros: **Filophóbicas**.

**22.00 H.** Concerto de **MR HATHAWAY** na praza da Mosqueira.

**22.00 H.** Concerto de **SONDESEU** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Milesios**.



## MARTES 7. (DÍA DOS MAIORES)

**12.00 H.** Pasarrúas de **Caivanca** pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.

**18.00 H.** Verbena coa orquestra **PRINCIPAL** na praza Maior.

**19.00 H.** Letra das Festas 2025 (a revista oral do San Froilán), **Chegaron de lonxe: a poboación inmigrante no San Froilán.** Lembranzas e sucesos das nosas festas, no Centro Cultural Vello Cárcere.

**19.30 H.** Pasarrúas de **Airiños de Orbazai** polos barrios de Albeiros e Gándaras.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Foilada de Bosende** por Recatelo e Recinto Feiral.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Estoupacaldeiros** pola Avenida das Américas e rúa Marqués de Ombreiro.

**20.00 H.** Concerto de **VRASICA** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Concerto de **ZARANDELA** na praza de Santa María.





**21.00 H.** Concerto de **IRMAUS DA RAIA SECA** na praza de Santa María.

**22.00 H.** Concerto de **UNTIDES** na praza da Mosqueira.

## MÉRCORES 8.

**19.00 H.** Presentación do número 22 da Colección **San Froilán dos Devanceiros: "VIVA O SAN FROILÁN 2018-2024. Fotografías e ilustracións"** V.V.A.A. no centro cultural O Vello Cárcere.

**20.00 H.** Concerto de **CANTAREIRAS D'XANARES** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Caivanca** polas rúas Rafael de Vega, Montero Ríos, Paxariños e Ramón Montenegro.

**21.00 H.** Concerto de **UXÍA; Será por flores** na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: **Nebra**.

22.00 h. Concerto de **EL NIDO** na praza da Mosqueira.





## XOVES 9.

**17.00 H.** Actuación de **"PITUQUITO LITERAL"** de Trécola Producións, espectáculo para público familiar na praza da Soidade.

**17.00 H.** **IX ESPAZO HIP HOP** coas actuacións de **IVÁN CANO + MIDAS ALONSO + BATALLAS DE GALOS**, na praza da Mosqueira até ás 00.00h.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Son de Lugh** polas rúas Ourense, Lamas de Prado e praza do Castiñeiro.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Xaora** pola Fonte do Rei, rúa San Roque e praza Mártires de Carral.

**21.00 H.** Concerto de **VERA FAUNA** na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: **Jade4**.









**23.30 H.** Concerto de **BALA** na praza Santa María.

## **VENRES 10.**

**12.00 H.** Pasarrúas de **Foliada de Bosende** pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.

**17.00 H.** Actuación de "**FAMILIA UNIDA**" de Mircromina Títeres, espectáculo para público familiar na praza da Soidade.

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" no Sagrado Corazón. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**19.00 H.** **Xigantes e Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior coa actuación musical de **Falso Teito**.

**19.00 H.** Actuación de "**FAMILIA UNIDA**" de Mircromina Títeres, espectáculo para público familiar na praza da Soidade.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Falso Teito** por rúa Progreso, Raíña, San Pedro e Campo Castelo .

**20.00 H.** **SAN FROILÁN SORRÍ, o recuncho da comedia;** Espectaculo teatral de humor coas actuacións de **JAVITO RIVAS + OSWALDO DIGÓN** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Reviravolta** por Recatelo.

**20.00 H.** Pasarrúas de **A volta do Agro** por Camiño Real.

**20.00 H.** Concerto de **MADAME RACHEL** na praza da Mosqueira.





**20.00 H.** *Os Pelúdez entre nós* pola zona dos viños.

**21.00 H.** Concerto de **NØGEN** na praza Santa María. Ás 20h  
Teloneiros: **Punk´On Keixo**.

**22.00 H.** Concerto de **LÍA KALI** na praza Horta do Seminario.  
Teloneiros: **Verter GZ**.





**23.00 H.** Verbena co grupo **ARIZONA** na praza Maior

**23.30 H.** Concerto de **PONY PISADOR** na praza Santa María.

**00.00 H.** **FACELA FEST NO SAN FROILÁN.** Sesión musical cos DJ **FACELA** na praza da Mosqueira até ás 2.00h.

**00.30 H.** A **DUENDENETA** na praza da Soidade.

## **SÁBADO 11.** **(DÍA DO FERROL)**

**11.00 H.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.

**11.00 H.** **"V SALTAR NA RÚA - MILLA POPULAR LUCUS"** na praza Horta do Seminario. Exhibición de saltos ás 11.00h e milla popular urbana ás 13.00h.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Airiños de Orbazai** pola rúa San Marcos, Montevideo. Bolaño Ribadeneira, Nova e praza do Ferrol.

**12.30 H.** **Recepción oficial á Corporación do Concello de Ferrol** no salón de plenos na Casa do Concello.

**12.30 H.** Concerto de **BANDA DE MÚSICA SONS E SOÑOS** na praza da Mosqueira.

**12.30 H.** Espectáculo itinerante **"RUM RUM"** de **Xip Xap Teatre**. Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**12.30 H.** **Os Pelúdez entre nós** polo Recinto Feiral.





**13.00 H.** **XXII FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL** coa Asociación Cultural Cántigas e Frores e coas actuacións de **Asociación Cultural Cántigas e Frores e Asociación Cultural Rebulir** na praza Santa María.

**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Agro do Rolo.

**17.30 H.** Espectáculo itinerante **"RUM RUM" de Xip Xap Teatre.** Espectáculo teatral para público familiar. Percorrido; *saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H.** Actuación de **A VOLTA DO AGRO** na praza de Santo Domingo.

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza Agro do Rolo. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.00 H.** Verbena coa orquestra **OCA BAND**, e DJ Manu Chady ata ás 0.00h, na praza de Augas Férreas.

**19.00 H.** Pasarrúas de **Treboada** por Augas Férreas e rúa Alfonso X.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Os Picurruchos** pola Ronda das Fontiñas.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Petiscos de Balde** polo Barrio da Ponte.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Tambukda** pola Tinería.

**20.00 H.** Concerto de **SIGILU** na praza da Mosqueira.



**21.00 H.** Concerto de **QUERALT LAHOZ** na praza Santa María.

**22.00 H.** Concerto de **ANXO ARAUJO** na praza da Mosqueira.





**22.00 H.** Concerto de **EL CONSORCIO** na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Iria Estévez e Luis Monsalve**, cuarteto de corda.

**23.00 H.** Verbena coa orquestra **COSTA DORADA** na praza Maior.

**23.30 H.** Concerto de **DE NINGHURES** na praza Santa María.



**00.30 H.** A **DUENDENETA** na praza da Soidade.



## **DOMINGO 12** (DOMINGO DAS MOZAS)

**10.30 H.** Inauguración da “**Volta ao Medieval**” ao carón da Catedral de Santa María. **Feira Medieval** organizada pola Asociación de antigas alumnas e alumnos da escola de Arte e Superior de deseño Ramón Falcón. Actuacións musicais, desfiles, xogos e máis até as 22.00h.

**11.00 H.** **Feira de antigüidades e coleccionismo** na rúa da Raíña. Todo o día.

**11.00 H.** **53ª Edición do Desfile do traxe galego** na praza Maior con Traxandaina e **Cántigas e Frores**.

**11.30 H.** **XXVII Mostra de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas**, coa **Asociación de Gaiteiros Galegos**, polo recinto histórico. Das 11:30h ás 13.45h e das 17.00h ás 18.00h. Participan: Sadeo pandeireteiras, Senfol gaiteiros, Par de Par, Gaiteiros da Ría, Sons de Abrente, Maghúa Pandeireteiros, Os Fondaos do Pífar, Pingarela, Os Monifates e Tumba e Dalle

**12.00 H.** **Ofrenda floral a Rosalía de Castro** por parte de **Branca Villares** no Parque de Rosalía de Castro. Coa actuación musical do **Coro de Cántigas e Frores**.



**12.30 H.** Concerto de: **Banda de música municipal de A Estrada** na praza San Marcos.

**13.00 H.** **FACELA FEST NO SAN FROILÁN**. Sesión musical cos DJ **FACELA** na praza da Mosqueira até ás 14.30h.



**13.00 H. "Os cegos no Camiño"**

Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galiza na rúa San Pedro, Bo Xesús, praza Maior, praza do Campo e praza Pío XII.

**17.30 H. Espectáculo itinerante "TRANSHUMANCIA" de Xip Xap Teatre.**

Espectáculo itinerante teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H. Concerto de AS LAGHARTEIRAS** na praza Santa María.

**19.30 H. Espectáculo itinerante "TRANSHUMANCIA" de Xip Xap Teatre.**

Espectáculo itinerante teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**19.00 H. "Os cegos no Camiño"**

Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galiza na rúa San Pedro, praza Maior, praza do Campo e Bo Xesús.





**19.00 H.** Concerto de **ABRIL** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Concerto de **FIANDOLA** na praza Santa María.



**21.00 H.** Concerto de **LOITA AMADA** na praza da Mosqueira.

**22.00 H.** Concerto de **GUADI GALEGO** na Horta do Seminario.  
Ás 21.00h Teloneiros: **Laura LaMontagne**.



**23.00 H.** Verbena coa orquestra **ACORDES** na praza Maior.



# SAN FROILÁN

2025

Lugo

miúdo



# SAN FROILÁN MIÚDO

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES PARA TODA A FAMILIA.

## SÁBADO 4.

**12.30 H. Os Cabezudos + Cántigas e Frores** na praza Maior (fronte á Casa do Concello).

**18.30 H. Ritmo Lugo.** Exhibicións de baile na carpa do San Froilán Miúdo.

## DOMINGO 5. (SAN FROILÁN)

**11.30 H. "XOGOS PAPORRUBIO"** de Paporrubio na carpa do San Froilán Miúdo. Xogos de autónomos e animados de temática agraria para todas as idades e desfrutar en familia. *Dende ás 11.30h até ás 14.00h.*

**12.30 H. "PILOTS"** de La Finestra, espectáculo teatral itinerante de circo para toda a familia. Premio FETÉN 2025 ao mellor espectáculo itinerante. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro.

**16.00 H. "XOGOS PAPORRUBIO"** de Paporrubio na carpa do San Froilán Miúdo. Xogos de autónomos e animados de temática agraria para todas as idades e desfrutar en familia. *Dende ás 16.00h até ás 18.00h.*

**12.30 H. "PILOTS"** de La Finestra, espectáculo teatral itinerante de circo para toda a familia. Premio FETÉN 2025 ao mellor espectáculo itinerante. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro. *Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.*

**18.30 H. "ROCOCÓ"** de Cía Rampante na Carpa do San Froilán Miúdo.

## LUNS 6.

**11.00 H. "XOGOS XXL DO MUNDO"** de Ludiespai na carpa do San Froilán Miúdo. Colección de xogos de madeira de gran formato para xogar en familia. *Das 11.30h ás 14.00h.*

**11.00 H. Xigantes e Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior coa actuación musical de **Tambukda**.

**12.30 H. Espectáculo itinerante "CIRCO KRASNOBARAK" de Troula.** Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas.

**16.00 H. "XOGOS XXL DO MUNDO"** de Ludiespai na carpa do San Froilán Miúdo. Colección de xogos de madeira de gran formato para xogar en familia. *Das 16.00h ás 18.00h.*

**17.30 H. Espectáculo itinerante "CIRCO KRASNOBARAK" de Troula.** Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H. "TRANVÍA"** de La Finestra na carpa do San Froilán Miúdo.

## MARTES 7.

**16.00 H. "STEAM PINBALLS"** de Holoqué Espectaculum. Instalación participativa de realidade mixta en la que se mezclan las artes escénicas, la artesanía y la tecnología inmersiva. Até ás 18h.

**18.30 H. "CRUNCH 2"** de Muu na carpa do San Froilán Miúdo.



## MÉRCORES 8.

**16.00 H. "STEAM PINBALLS"** de Holoqué Espectaculum. Instalación participativa de realidade mixta en la que se mezclan las artes escénicas, la artesanía y la tecnología inmersiva. Até ás 18h.

**18.30 H. "HUMANUS COMICUS"** de Mondo Costrini na carpa do San Froilán Miúdo.

## XOVES 9.

**17.00 H.** Actuación de **"PITUQUITO LITERAL"** de Trécola Producións, espectáculo de títeres para público familiar na praza da Soidade.



**18.30 H.** **"GRAN SONATA"** de Le Puant na carpa do San Froilán Miúdo.



## VENRES 10.

**17.00 H.** Actuación de **"FAMILIA UNIDA"** de Mircromina Títeres, espectáculo de títeres para público familiar na praza da Soidade.

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" no Sagrado Corazón. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H.** **"III FESTIVAL INFANTIL CÁNTIGAS E FRORES"** na carpa do San Froilán Miúdo.

**19.00 H.** **Xigantes e Cabezudos + Falso Teito** na praza Maior (frente á Casa do Concello).

## SÁBADO 11. (DÍA DO FERROL)

**11.30 H.** **"XOGOS AO GRANDE"** na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 11.30h até ás 14.00h.*

**12.30 H.** **"RUM RUM"**. Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Xip Xap Teatre. Percorrido; *saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza Agro do Rolo.



**16.00 H. "XOGOS AO GRANDE"**

na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 16.00h até ás 18.00h.*

**17.30 H. "RUM RUM".** Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Xip Xap Teatre. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación "50 (1975-2025)" na praza Agro do Rolo. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H. "DE VILATRISTE A VILALEGRE"** de Teatro ao Cubo na carpa do San Froilán Miúdo.

## DOMINGO 12.

**11.30 H. "XOGOS AO GRANDE"** na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 11.30h até ás 14.00h.*

**17.30 H. "TRANSHUMANCIA"** Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Xip Xap Teatre. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**16.00 H. "XOGOS AO GRANDE"** na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 16.00h até ás 18.00h.*

**19.30 H. "TRANSHUMANCIA"** Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Xip Xap Teatre. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.30 H. "HISTORIAS PARA ESCAGARRIÑARSE"** de Teatro Ghazafellos na carpa do San Froilán Miúdo.

# ARural

2025

4-5

OUTUBRO



## Entrada de BALDE

Sábado 4 de 10:00h a 20:00h e

Domingo 5 de 10:00h a 14:30h

Exposición no cartón do Vello Cárcere de Lugo

Domingo 5 ás 13:30h

Desfile de gando de San Froilán

 **expolugo**  
centro agroganador

 **San Froilán de Lugo**  
Viciosa e Burela

**88 Rural**



ROX COBIA



CASA RURAL  
GALICIA



Associação  
de Galiza e exposicións  
de Lugo



XUNTA  
DE GALICIA

COMISSIÓN DE A  
DE GALICIA  
Burela



# OUTRAS ACTIVIDADES:

## EXPOLUGO

*Exposición de razas autóctonas de Galicia xunto ao Vello Cárcere.*

 **Sábado de 10:00h a 20:00h e domingo de 10:00h a 14:30h**

Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Rubia Galega e Charolesa. Ovino: Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel Negra, Caprino: Cabra Galega e Boer. Porcino: Porco Celta. Aves: Galiña de Mos e Galiña Piñeira. Equino: Pura Raza Galega. Cans: Can de Palleiro. Maquinaria clásica. Razas amosadas grazas ás asociacións: Federación de Razas Autóctonas de Galicia Boaga, ASOPORCEL, AVIMOS, OVICA, PURAGA, Club Raza Can de Palleiro, ACRUGA, AGALPI e UCHAE. Maquinaria clásica amosada grazas a MUVICLA.

## XORNADAS TÉCNICAS EXPOLUGO 2025

Na Sala Río Miño do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

🕒 **11:00 h** Razas minoritarias españolas: cercanía o lejanía de los troncos celta e ibérico. Características morfológicas. Dr Guillermo Ramis (Universidad de Murcia)

🕒 **11:45 h** "Salud, ganadería y medio ambiente: Una relación viable" Rodrigo Muño Otero, profesor de Veterinaria

🕒 **12:30 h** Presentación "ACTUALIZACIÓN EN DÍPTEROS DE INTERESE VETERINARIO E EN MEDICINA HUMANA NA PROVINCIA DE LUGO". Colabora a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

🕒 **12:35 h** "Especies identificadas na provincia de Lugo." Cristiana Filipa Cazapal Monteiro - Profesora do Departamento de Patoloxía Animal, Facultade de Veterinaria de Lugo, USC. Colabora a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

🕒 **12:50 h** "Factores relacionados coa aparición de dípteros de interese veterinario e humano: cómo intentar previlo". Autor: David Boso Dafonte, Investigador do Departamento de Patoloxía Animal, Facultade de Veterinaria de Lugo, USC. Colabora a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.





🕒 **13:05 h** "Métodos para a captura de dípteros". Inês Abreu Ramos, Investigadora do Departamento de Patoloxía Animal, Facultade de Veterinaria de Lugo, USC. Colabora a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

🕒 **13:20 h** "Monitorización da circulación de posibles patóxenos transmitidos por dípteros: animais centinela". Prof. José Ángel Hernández Malagón - Departamento de Patoloxía Animal, Facultade de Veterinaria de Lugo, USC. Colabora a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

🕒 **13:35 h** Pecho oficial das Xornadas



## EXPOSICIÓN: «ABELLAS E ABELLEIROS, UNHA TRADICIÓN ANCESTRAL NA GALICIA MELEIRA»

📅 **Inauguración o 30 de setembro ás 18.30h.**

📍 **Emprazamento:** Museo Provincial de Lugo

🕒 **Horario:** 10 a 13:30 e de 16:00 a 20:30

*\*Domingos e festivos de 10 a 13*



## EXPOSICIÓN: "GARDIÁNS"

📅 **Exposición fotográfica no Centro Cultural O Vello Cárcere entre o venres 26 de Setembro e o 12 de Outubro.**



## ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

- **V Torneo de voleibol San Froilán** organizado por Xabarín Volei Lugo na Casa do deporte o 20 de setembro ás 10h.
- **50ª Torneo de judo San Froilán** organizado por Judo Lugo no Pavillón Municipal dos deportes o 28 de setembro ás 10.30h.
- **Torneo San Froilán de Rugby** sub16/sub18/senior organizado por Muralla Rugby nas pistas Gregorio Pérez Rivera o 5 de outubro ás 10h.
- **XXIX Torneo de Golf San Froilán** organizado polo Clube Golf Lugo no Club Golf Lugo o 4 de outubro ás 10h.
- **Balonmán. Liga Galega Senior.** CP Lucense – Balomán Arteixo. O 4 de outubro na Casa do deporte.
- **ADC Lugo Sala** – F.S. Salamanca. 2ª División B F.S. no Pavillón municipal dos deportes o 4 de outubro ás 20.00h.
- **Open San Froilán de Billar Parejas Escocesas** organizado por Tempos Modernos no Bar Tempos Modernos o 4 de outubro ás 20h.
- **C.D. Lugo – CP Cacereño. 1ª** Federación no Estadio Anxo Carro o 5 de outubro.
- **Open San Froilán de Dardos Electrónicos** parejas cegas organizado por Tempos Modernos no Bar Tempos Modernos o 10 de outubro ás 17h.
- **Arenal Emevé** – Club Voleibol Melilla. Liga Iberdrola Feminina no Pavillón municipal dos deportes o 11 de outubro ás 17h.
- **Open San Froilán Billar Pool** individual organizado por Tempos Modernos no Bar Tempos Modernos o 11 de outubro ás 17h.
- **Durán Maquinaria Ensino** – CAB ESTEP. Liga feminina Endesa no Pazo universitario dos deportes o 11 de outubro ás 19.15h.
- **Arenal Emevé** – CV Gupane Guía. Superliga Masculina 2 no Pavillón municipal dos deportes o 11 de outubro ás 19.45h.
- **V SALTAR NA RÚA - II MILLA POPULAR LUCUS**, organizado por Lucus Caixa Rural Galega na praza Horta do Seminario. Exhibición de saltos ás 11.00h e milla popular urbana ás 13.00h.
- **ADC Lugo Sala** – Leis Pontevedra. 2ª División B F.S. no Pazo Universitario o 12 de outubro ás 13.00h.
- **C.B. Río Breogán** – Valencia Basket. Liga ACB, no Pazo universitario dos deportes o 12 de outubro ás 17h.
- **Torneo San Froilán Petanca.** Organizado por Culb Petanca Lugo o 11 de outubro.
- **Torneo San Froilán de Tenis,** organizado por Club tenis As termas nas Pistas tenis municipais Frigsa entre o 4 e o 12 de outubro.



## COMISIÓN DE FESTAS:

Tareixa Antía Ferreiro Tallón (BNG).  
María Cristina López Fernández (BNG).  
Mauricio Repetto Morbán (PSOE).  
Ana González Abelleira (PSOE).  
Jorge Bustos Atanasio (PSOE).

Este programa do San Froilán 2024 pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada nos medios de comunicación locais e na web e redes sociais oficiais do San Froilán:



***WWW.SANFROILAN.INFO***

+ info no 010 ou no 982 297350, para chamadas desde fóra de Lugo.

## PUNTO VIOLETA

Os días 4, 5, 10, 11 e 12 entre ás 21.00h e ás 02.00h, Na praza Fernando de Casas Novoa (fondo da praza Maior).





## **HORARIO DOS MUSEOS MUNICIPAIS, OFICINA DE TURISMO E O VELLO CÁRCERE DURANTE O SAN FROILÁN 2024:**

### **1.- Casa dos Mosaicos, CentroArqueolóxico de San Roque, Sala de Exposicións Porta Miñá e Museo Interactivo da Historia de Lugo.**

- Todos os días de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas.

### **2.- Oficina Municipal de Turismo.**

- Todos os días de 10:00 a 20:00 horas.

### **3.- Centro de Interpretación da Muralla.**

- Todos os días de 10:00 a 20:00 horas.

### **4.- Centro Cultural O Vello Cárcere.**

- Mañás: Todos os días de 11:00 a 14:00 horas.
- Tardes: de luns a sábado de 16:00 a 20:00 horas e os domingos de 16:00 a 19:00 horas.

## **TELÉFONOS DE INTERESE:**

### **Oficina Municipal de Turismo.**

Pr. Do Campo, 11. 27001. Lugo.  
982251658. [lugoturismo@lugo.gal](mailto:lugoturismo@lugo.gal)  
Concello de Lugo.  
Pr. Maior, 1. 27001. Lugo.  
982297100. [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)

### **Oficina Municipal de Consumo.**

Ronda da Muralla, 197. 27002.  
Lugo. 982297273.

### **Estación de autobuses.**

Pr. Da Constitución, s/n. 27003.  
Lugo. 982223985

### **Estación de tren.**

Pr. Do Conde Fontao, s/n. 27003.  
Lugo. 902240202. [www.renfe.es](http://www.renfe.es)

### **Policía Local.**

Rúa das Artes, 33-35. 27002.  
Lugo. 092 / 982297110.

### **Protección Civil.**

Rúa das Artes, 33-35. 27002.  
Lugo. 982297285.

### **Policía Nacional.**

Rúa Chantada, s/n. 27004. Lugo.  
091 / 982265118.

### **Parque de Bombeiros.**

Avda. Da Coruña, 240. Antigo  
Cuartel de Garabolos. 27003.  
Lugo. 080 / 982297480.

### **Cruz Vermella.**

Avenida de Madrid, s/n. 27002.  
Lugo. 982231613.

### **Garda Civil de tráfico. 062.**

### **Urxencias médicas. 061.**

### **Emerxencias. 112.**

